



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo

*"O FSE inviste no teu futuro"*



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE EDUCACIÓN, CULTURA  
Y DEPORTE

---

Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior

CSPEA01

# Economía da empresa

---

Economía da empresa



# 1. Formato da proba

---

## Formato

- A proba constará de 20 cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas, das que soamente unha é correcta.

## Puntuación

- Puntuación: 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,125 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.

## Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.



## 2. Exercicio

---

### 1. Que significa que o orzamento do sector público sexa deficitario?

---

*¿Qué significa que el presupuesto del sector público sea deficitario?*

- A** Que o sector público ingresa máis do que gasta.  
*Que el sector público ingresa más de lo que gasta.*
- B** Que os gastos e os ingresos públicos son insuficientes para atender unha demanda cada vez maior.  
*Que los gastos y los ingresos públicos son insuficientes para atender una demanda cada vez mayor.*
- C** Que os ingresos públicos son máis pequenos que os gastos públicos.  
*Que los ingresos públicos son más pequeños que los gastos públicos.*

### 2. Os principais obxectivos macroeconómicos que perseguen os gobernos son:

---

*Los principales objetivos macroeconómicos que persiguen los gobiernos son:*

- A** Controlar a inflación, combater o desemprego e fomentar o crecemento económico.  
*Controlar la inflación, combatir el desempleo y fomentar el crecimiento económico.*
- B** Combater o desemprego e lograr superávit da balanza de pagamentos.  
*Combatir el desempleo y lograr superávit de la balanza de pagos.*
- C** Combater o desemprego e lograr que o sector público ingrese máis do que gaste.  
*Combatir el desempleo y lograr que el sector público ingrese más de lo que gaste.*

### 3. Un IPC (índice de prezos ao consumo) controlado non é negativo para unha economía. Cal é o principal problema que provoca se este acaba descontrolado?

---

*Un IPC (índice de precios al consumo) controlado no es negativo para una economía ¿Cuál es el principal problema que provoca si éste acaba descontrolado?*

- A** Unha redución no produto interior bruto (PIB) do país.  
*Una reducción en el producto interior bruto (PIB) del país.*
- B** A incerteza nos axentes económicos.  
*La incertidumbre en los agentes económicos.*
- C** Unha redución no produto nacional bruto (PNB) do país.  
*Una reducción en el producto nacional bruto (PNB) del país.*



**4.** A actividade de extracción de minerais realizada por unha empresa considérase como:

---

*La actividad de extracción de minerales realizada por una empresa se considera como:*

- A** Terciaria.
- B** Primaria.
- C** Secundaria.

**5.** Cal dos seguintes criterios sería válido para clasificar as empresa polo seu tamaño?

---

*¿Cuál de los siguientes criterios sería válido para clasificar las empresas por su tamaño?*

- A** O número de clientes e provedores.  
*El número de clientes y proveedores.*
- B** O tamaño da superficie sobre a que se atopan as súas instalacións.  
*El tamaño de la superficie sobre la que se encuentran sus instalaciones.*
- C** O volume de vendas e o número de traballadores.  
*El volumen de ventas y el número de trabajadores.*

**6.** O regalo dunha cesta de Nadal aos empregados é unha actividade de:

---

*El regalo de una cesta de Navidad a los empleados es una actividad de:*

- A** Publicidade.  
*Publicidad.*
- B** Promoción de vendas.  
*Promoción de ventas.*
- C** Relacións públicas.  
*Relaciones públicas.*

**7.** Unha empresa que desenvolveu unha innovación produtiva pode ceder o seu uso a unha segunda empresa, que terá que pagar unha cantidade por iso. Con que nome se coñece ese pagamento?

---

*Una empresa que ha desarrollado una innovación productiva puede ceder su uso a una segunda empresa, que habrá de pagar una cantidad por ello. ¿Con qué nombre se conoce a ese pago?*

- A** Canon
- B** Royalty.
- C** Patente.



8. As empresas poden adoptar unha estratexia competitiva de tres xeitos distintos. Indique cal das seguintes **NON** é unha delas:
- 

*Las empresas pueden adoptar una estrategia competitiva de tres maneras distintas. Indique cuál de las siguientes **NO** es una de ellas:*

- A** Reducir o custo de produción.  
*Reducir el coste de producción.*
- B** Aumentar a produción para incrementar a oferta no mercado.  
*Aumentar la producción para incrementar la oferta en el mercado.*
- C** Diferenciar o produto con respecto ás empresa rivais.  
*Diferenciar el producto con respecto a las empresas rivales.*

9. Un dos inconvenientes das pequenas e medianas empresas é:
- 

*Uno de los inconvenientes de las pequeñas y medianas empresas es:*

- A** A dificultade para conseguir financiamento.  
*La dificultad para conseguir financiación.*
- B** A súa flexibilidade e adaptabilidade.  
*Su flexibilidad y adaptabilidad.*
- C** A proximidade ao cliente.  
*La proximidad al cliente.*

10. Marcar os obxectivos e as metas, determinar a onde se quere chegar, escrutar as posibilidades reais e preparar os programas de acción é:
- 

*Marcar los objetivos y las metas, determinar adónde se quiere llegar, escrutar las posibilidades reales de hacerlo y preparar los programas de acción es:*

- A** Controlar.
- B** Planificar.
- C** Organizar.

11. O documento que recolle as condicións acordadas por sindicatos e empresarios coñécese como:
- 

*El documento que recoge las condiciones acordadas por sindicatos y empresarios se conoce como:*

- A** Negociación colectiva.  
*Negociación colectiva.*
- B** Salario mínimo interprofesional.  
*Salario mínimo interprofesional.*
- C** Convenio colectivo.  
*Convenio colectivo.*



**12.** O pechamento patronal prodúcese como consecuencia de:

---

*El cierre patronal se produce como consecuencia de:*

- A** Vacacións dos traballadores da empresa.  
*Vacaciones de los trabajadores de la empresa.*
- B** Creba da empresa.  
*Quiebra de la empresa.*
- C** Unha medida en caso de conflito colectivo.  
*Una medida en caso de conflicto colectivo.*

**13.** Unha empresa incrementa a súa produtividade cando:

---

*Una empresa incrementa su productividad cuando:*

- A** Aumenta o beneficio en relación ao capital investido.  
*Aumenta el beneficio en relación al capital invertido.*
- B** Aumenta a súa produción en relación aos recursos empregados.  
*Aumenta su producción en relación a los recursos empleados.*
- C** Vende máis que os seus competidores.  
*Vende más que los competidores.*

**14.** Segundo o modelo de Wilson, o volume óptimo de pedido (Q) é:

---

*Según el modelo de Wilson, el volumen óptimo de pedido (Q) es:*

- A** O tamaño de pedido cun prazo de entrega mínimo.  
*El tamaño de pedido con un plazo de entrega mínimo.*
- B** O tamaño de pedido para o cal o custo total de xestión de inventarios é mínimo.  
*El tamaño de pedido para el cual el coste total de la gestión de los inventarios es mínimo.*
- C** O tamaño de pedido que permite non ter existencias de seguridade na empresa.  
*El tamaño de pedido que permite no tener stock de seguridad en la empresa.*

**15.** Os custos directos:

---

*Los costes directos:*

- A** Dependén do volume directo de investimento.  
*Dependen del volumen directo de inversión.*
- B** Necesitan usar criterios de asignación.  
*Necesitan utilizar criterios de asignación.*
- C** Pódense asignar concretamente a cada produto.  
*Se pueden asignar concretamente a cada producto.*



**16.** Ordene os seguintes tipos de mercado de maior a menor número de oferentes:

---

*Ordene los siguientes tipos de mercado de mayor a menor número de oferentes:*

- A** Monopolio – competencia perfecta – oligopolio.
- B** Oligopolio – competencia perfecta – monopolio.
- C** Competencia perfecta – oligopolio – monopolio.

**17.** A partida de “clientes” no balance dunha empresa é:

---

*La partida de “clientes” en el balance de una empresa es:*

- A** Un activo non corrente e esixible a curto prazo.  
*Un activo no corriente y exigible a corto plazo.*
- B** Un activo corrente e realizable.  
*Un activo corriente y realizable.*
- C** Un activo corrente e non esixible.  
*Un activo corriente y no exigible.*

**18.** O crédito comercial dunha empresa:

---

*El crédito comercial de una empresa:*

- A** É o prestixio que ten unha empresa dentro do mercado.  
*Es el prestigio que tiene una empresa dentro del mercado.*
- B** É o aprazamento nos pagamentos que consegue ao mercar as mercadorías.  
*Es el aplazamiento en los pagos que consigue la empresa en su compra de mercancías.*
- C** Son as contas abertas polos bancos ás empresas.  
*Son las cuentas abiertas por los bancos a las empresas.*

**19.** O factoring consiste basicamente en:

---

*El factoring consiste básicamente en:*

- A** A venda duns dereitos de cobramento sobre os clientes a outra empresa.  
*La venta de unos derechos de cobro sobre los clientes a otra empresa.*
- B** A emisión de accións baixo a par.  
*La emisión de acciones bajo la par.*
- C** O arrendamento con opción de compra.  
*El arrendamiento con opción de compra.*



**20.** Dos criterios de selección de investimentos, o valor actual neto (VAN):

---

*De los criterios de selección de inversiones, el valor actual neto (VAN):*

**A** Calcula o tempo de vida útil do investimento.

*Calcula el tiempo de vida útil de la inversión.*

**B** Pon especial énfase en calcular a rendibilidade do investimento.

*Pone especial énfasis en calcular la rentabilidad de la inversión.*

**C** Calcula o tempo que tarda o investimento en permitir a recuperación do desembolso inicial.

*Calcula el tiempo que tarda la inversión en permitir la recuperación del desembolso inicial.*